

**Decreto da Concellaría de Economía e Facenda
Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, para a elaboración de listas de agarda e posterior nomeamento de funcionarios interinos, para a provisión de prazas de DELINEANTES para o departamento de urbanismo, sección de cartografía; e de conformidade coa delegación da alcaldía por decreto de 28.06.2017 así como as competencias que esta concellaría ten atribuídas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.06.2017, polo que se delegan as competencias recollidas no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo a modificación operada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria para a elaboración de listas de agarda de delineantes, por estar esgotadas as listas desta categoría, de conformidade coas seguintes bases:

BASES PARA A CONFECCIÓN DE LISTA DE AGARDA DE DELINEANTES

- Titulación necesaria

- Ciclo superior de proxectos de edificación (LOE), Ciclo superior de desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción (LOXSE)
- Ciclo superior de proxectos de obra civil (LOE), Ciclo superior de desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas (LOXSE)
- Calquera outro título oficial equivalente cos anteriores.

Os ciclos de LOE son as titulacións actuais implantadas en Galicia dende o curso 2013-14. as titulacións LOXSE son as anteriores, impartidas dende 1997 ata 2013, segundo os centros.

- Méritos

Os de servizos prestados, formación, posesión de titulación superior, coñecemento da lingua galega e condición de demandante de emprego, nos termos e coas condicións que se sinalan no artigo 2 das Normas de xestión de selección de persoal funcionario interino do Concello de Santiago de Compostela (BOP número 22 do 03/02/3010).

Específicamente nesta fase terase en conta a seguinte formación:

- Coñecemento, a nivel avanzado, en aplicación de CAD (debuxo e deseño asistido por ordenador): MICROSTATION, AUTOCAD
- Coñecemento, a nivel avanzado, en BIM (modelado de información da construción): REVIT
- Coñecemento, a nivel avanzado, en SIG (sistemas de información xeográfica): ARCGIS, QGIS, GVSIG

Proba

A proba consistirá nun exercicio práctico, dunha duración máxima de 2 horas, e realizarase con ordenador facilitado polo concello, que disporá das aplicacións necesarias para a realización da proba. Versará sobre temas relacionados coa cartografía municipal, urbanismo, catastro ou proxectos de obras.

Valorarase cun máximo de 60 puntos, sendo necesarios 30 puntos para superala.

Impugnación

Contra a presente resolución e cantos actos administrativos se deriven dela poderase interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta Concellaría de Réxime Interior e Reforma Administrativa, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Segundo.- Remiti-las presentes bases ao Taboleiro de Edictos e web municipal; e a convocatoria ademais á prensa local para a súa publicación.

A Concelleira-delegada de economía e facenda